

A vida no cárcere

O toque de campá anunciaba á madrugada o inicio da xornada comezando polo aseo persoal e a limpeza das celas. Aínda que durante case todo o século XIX non era habitual que se contase con un propio sistema de abastecemento de auga no interior e habitualmente eran os empregados ou os propios presos os que tiñan que acudir ao exterior para transportar a auga, pero en Lugo contábase con instalación propia.

Baixaban ao patio e levábase a cabo o primeiro pase de lista, ou reconto, como forma de control periódico para constatar que todos os internos seguían no establecemento e a revista do aseo.

A continuación, as oito ou nove da mañá comeza o traballo nos talleres, segundo o regulamento vixente, pero neste cárcere non parece que se levarán a cabo este tipo de traballo, pese a ter as instalacións adecuadas, posiblemente debida en parte á falta dun réxime claro de vida penitenciaria no sistema español e por tratarse tamén a priori dun centro de detención e non de penados para os que o traballo sería voluntario, así como pola evidente falta de persoal, eso si nalgún momento da mañá tiñan clase de lectura e escritura.

Comían dúas veces ao día. En principio o rancho estaba destinado aos presos considerados pobres, pois o resto podían introducir a súa propia comida. Si o cárcere era pequena en xeral entregábaselles o socorro en man, unha determinada cantidade de diñeiro, para que eles mesmos atendesen as súas necesidades. Ademais do exquisito celo que se mandaba tivese o xefe do cárcere no fornezo de víveres e a preparación da alimentación dábanse outras circunstancias que influían no resultado. Unha pola mañá tralos primeiros traballo e outra pola tardiña.

No “servizo mediodía” servían primeiro aos home e no da noite ás mulleres, ao menos en Lugo.

O patio era o lugar común da vida dos presos, sen mezcla de sexos, por suposto. No cárcere de Lugo hai dous patios que se turnaban, para paseos e tertulias

Os xogos, o diñeiro e as bebidas alcohólicas, así como liortas de todo tipo ou envergadura están terminantemente prohibidas, así coma gritos, cantares deshonestos, blasfemias,, baixo penas de castigo, que podían ser un día a pan e auga ou solo auga ou o illamento temporal do preso/a. A prohibición de comunicacións coa familia, desconto das retribucións por traballo eran castigos que tamén estaban presentes no regulamento de 1847.

A restrición da comida e o illamento eran sancións que non podían exceder os cinco días de duración e todas elas debían ser postas en coñecemento do xefe político de a provincia por parte do xefe do establecemento. A posterior Instrución para os Cárceres de Audiencia de 1886 sinalaba tamén premios e castigos que podían aplicarse. Os premios podían consistir en permisos para comunicacións extraordinarias, etc.

As comunicacións coa familia e avogados tiñan lugar pola tarde en lugares específicos para esta tarefa. Este establecemento no que nos atopamos tiña locutorios ao efecto, celebrándose os Domingos as comunicacións ordinarias.

Tanto os Domingos como festivos celebrábase a Santa Misa e na Pascua era habitual a cerimonia da solta dun preso , acudindo a unha cerimonia relixiosa tódalas autoridades: Presidente de la Audiencia, Xefe Político da Deputación, o Alcalde, Gobernador militar , Xuíz de instrución.

Nese día os reclusos/as tiñan un rancho especial nas dúas comidas do día con viño e cigarros que costeaba o Concello ,cabeza de partido. En la Revista de Prisións del año 1901 aparece recollido a actuación da Banda de Musica Municipal neste día.